

Entrevista Montse Fajardo: “Esa foi a miña escolla, falar máis da xente común que da destacada”



A xornalista e escritora Montse Fajardo vén de publicar “Invisibles. Relatos do maltrato”

Di que o seu campo de escritura é a emoción e que o elemento básico é a memoria, cos que construíu xa algúns libros: Un cesto de mazás sobre as vítimas que quedaron despois do franquismo e que sufriron represión, Matriarcas sobre a voz calada das mulleres, e agora Invisibles. Relatos do maltrato que recolle sete historias reais de mulleres que foron afectadas polo lacra do machismo e da violencia de xénero. Montse Fajardo é unha xornalista nada en Vilagarcía, que se define (non hai outro camiño!) como unha feminista convencida e sempre creu que é necesario dar voz aos que non a teñen.

Pregunta (P): Vés de publicar o libro Invisibles. Relatos do maltrato . Sen dúbida, unha proposta que facía moita falta pero que doe. Como foi o proceso de recollida e escrita destas historias reais?

Recoñezo que a nivel emocional foi duro pero, como podo eu queixarme cando as estaba enfrontando a elas á dureza de lembrar, contar, e, sobre todo, ler un texto onde recollíamos con toda crueza o peor momento das súas vidas? Para elas ese foi o peor intre, o de enfrontar á lectura do que elas mesmas contaran. Ver sobre papel o seu pesadelo foi terrible. Como para queixarme eu...

(P): Invisible é moita da violencia machista, esa que non se ve, que non é física pero que dana ás mulleres. Pero co teu libro achegas un gran de area para que a invisibilidade deixe de existir. Como deches coas sete historias que querías escribir?

No libro quixemos recoller as distintas tipoloxías de maltrato, desde o máis evidente, o da malleira, ata o psicolóxico, máis difícil de detectar ata para a vítima. Ademais quixemos recoller relatos de mulleres que decidiran denunciar e doutras que non o fixeran, para entender o porqué. No libro vemos que animamos ás mulleres a denunciar pero logo cando o fan, non reciben a resposta adecuada. Por último, era moi importante para nós falar de como o maltrato afecta ás nenas e ós nenos. Recollemos o caso extremo dun bebé asasinado polo seu propio pai e tamén o relato dunha muller que cando era nena foi maltratada pola parella da súa nai, que acabou asasinándoa. Algúns casos eran coñecidos, saíran na prensa, e para outros contei coa colaboración dos Centros de Información da Muller, a través do que funciona en Pontevedra.



Invisibles é un proxecto que fixen da man do Concello de Pontevedra. Un día eu estaba falando pola rede do meu libro anterior, que recolle testemuños reais de vítimas do xenocidio franquista e unha amizade díxome que por que non recollía tamén testemuños de vítimas da violencia machista. É un tema que a min me preocupa moito e dixeron que o faría. Ao cabo dun par de semanas xa tiña a Carme Fouces, a concelleira de Igualdade de Pontevedra, dicíndome: valo facer, pero valo facer xa,

para a campaña de novembro. Era unha tolemia porque quedaban oito meses pero fixémoslo en equipo: nolas dúas e a directora do Centro de Información á Muller, Rosa Campos, que non só estivo con nós durante todo o proceso, senón que ademais é autora do epílogo: unha carta dirixida directamente ás mulleres que poidan estar pasando por algo así. Unha vez feito o texto, o concelleiro e parlamentario Luís Bará sacou tempo de onde non o ten para facer as correccións lingüísticas e Ismael Calvo, de Ovo Publicidade, argallou esa portada fermosa de pel marcada polas cicatrices que quedan nas mulleres que pasan por algo así. Foi un traballo intenso feito en equipo. Doutro xeito non conseguiríamos telo presentado antes do 25N.

(P): Invisibles artéllase en historias de sete mulleres, pero con pequenos capítulos a modo de píldoras do que é o maltrato en todos os casos e de forma xenérica. O que destapas aquí é que non hai unha persoa que teña perfil de vítima nin de maltratador. Como acabar con este pensamento de “ti non das o perfil”?

Invisibles pretende acabar cos prexuízos que temos sobre este asunto. Dicimos cousas como “a min nunca me pasaría”, “esa muller é imposible que sexa vítima”, “aquela tivo que ter denunciado antes”... E se les Invisiblesdaste conta de que todo é moito máis complexo. Que non hai nada que converta a unha muller en vítima, máis alá de dar cun maltratador. Que dá igual a idade, os estudos, a posición económica, que sexa unha relación máis breve ou máis longa...non hai perfís nin nelas nin tampouco neles. O maltratador pode ser ese veciño tan simpático, o tendeiro tímido, o serio profesor de matemáticas do teu fillo...eles tamén fican invisibles entre nós e ás veces, como vemos en varios capítulos, é moi difícil ata para a vítima darse conta de que está sendo maltratada. Aí está esa frase de Eva: Cando me deu a primeira labazada dinme conta do tempo que levaba maltratándome.

(P): Como reaccionaron as sete mulleres ou familiares delas despois de ver escrita a súa historia?

Como falabamos antes, foi a parte máis dura para elas. Ler os textos aos que por suposto cada unha tivo acceso antes de ir ao prelo. Pero logo da presentación todas amosaron a súa emoción e sobre todo o seu orgullo pola valentía de participar nun proxecto que elas cren, e nós esperamos, vai axudar a outras mulleres que poidan estar pasando polo mesmo a non sentirse tan soas. Con respecto aos seus entornos aínda están agora recollendo reaccións, pero as que nos van transmitindo son moi, moi positivas. De feito, na maioría dos casos foi o propio círculo o que lle deu pulo ás protagonistas para animarse a contarnos o seu relato.

(P): A dor nunca remata de curar, pero estas mulleres decidíronse a contar o seu caso, o que non deixa de ser unha tarefa moi difícil e dura. Quizais o desexo de axudar a outras persoas as animou a contalo?

Si, si. Téñeno clarísimo. As mulleres que poidan estar pasando por iso non son só a nosa preocupación, tamén son a preocupación de todas as persoas que contaron a súa historia. Se a contaron, foi por elas, e por un segundo obxectivo: denunciar a deficiente resposta que como sociedade estamos dando a esta problemática. Teño que agradecer ao Concello de Pontevedra que apoiase un texto no que a única “censura” foi a dirixida a protexelas a elas, porque no que respecta ás críticas vertidas contra forzas de seguridade, xulgados, puntos de encontro... que non estiveron á altura das necesidades das vítimas, non houbo moderación algunha. É un libro moi crítico con algunhas actitudes que en lugar de axudar, cargaron máis peso sobre as vítimas.

(P): É un libro que remove conciencias, como está sendo a acollida entre o lectorado?

Moito mellor do que esperabamos... eu polo menos, que Carme é máis optimista! Estou feliz, de verdade, porque é un tema moi delicado e as primeiras reaccións coinciden en que a pesar da dureza, as historias foron tratadas con respecto e empatía cara ás vítimas. É o mellor afago que nos poden facer. Que o vexan como un libro respectuoso a pesar do contundente. E tamén que o vexan como un libro útil.

(P): As mulleres son as grandes protagonistas dos libros que tes ata o de agora publicados. É casual esta escolla ou forma parte dun proceso persoal de recuperación das voces femininas?

O feminismo non foi unha escolla consciente, como non o é respirar... non queda outra! Sempre entendín o xornalismo, e entendo a escrita, como un proceso de implicación coa sociedade na que vives. O que fai pan pode darlle unha barra a quen ten fame, eu tiña a posibilidade de darlle voz a quen ninguén escoita, primeiro no meu traballo no Faro de Vigo e agora a través dos libros... Esa foi a miña escolla, falar máis da xente do común que da destacada. E non hai voces máis silenciadas que as das mulleres... Tampouco houbo silencio máis grande que o imposto polo terror franquista e esta desmemoriada democracia e por iso naceron Matriarcas e Un cesto de mazás. A partir de aí tiveron a inmensa sorte de poder traballar no programa A memoria das mulleres da Concellería de Patrimonio e Memoria de Pontevedra, que dirixe Luís Bará e no que esa perspectiva de clase e por suposto de xénero é fundamental. Pero xa en Matriarcas había outras temáticas: o traballo feminino, o acoso laboral, mesmo o alzheimer... Invisibles é un paso máis, outro berro para rachar cos silencios cómplices.



(P): As mulleres maltratadas sofren a violencia igual que a sufriron durante a Guerra Civil e o franquismo. Precisamente tes investigado moito sobre as mulleres nesta etapa histórica. Avanzamos algo na loita contra o machismo ou seguimos igual?

Penso que avanzamos pero tamén penso que o machismo español e sobre todo a lixeireza co que está socialmente aceptado ten moito que ver co feito de que esta sociedade nosa aínda non rachou co franquismo. Hai quen segue coa mentalidade das películas de López Vázquez.

(P): Os teus libros son un exercicio mixto de literatura, xornalismo e memoria. Como se relacionan estas tres vertentes á hora de crear?

Supoño que ten que ver co feito de que escribo sen imposturas, e eu non son escritora, son xornalista. Eu só escribo para contar as cousas tal e como mas explican, co sentimento que a xente me transmite. Non entendo a literatura sen emocións. Tanto fale de franquismo como de violencia machista, fuxo dos datos, das estatísticas, creo que a problemática se entende mellor co testemuño dunha vítima que cunha gráfica de datos, que por suposto tamén é necesaria pero que é máis fría. Ese non é o meu campo. O meu son as emocións e para iso a ferramenta básica é a memoria.

(P): Cando prendeu en ti a chama de recuperar historias persoais e humanas? Esa é a máxima de todo bo xornalismo...

Pois iso vén tamén da miña etapa no Faro de Vigo. Gustaba máis de falar coa xente que de copiar notas de prensa. Ujué Foces, que foi a miña redactora xefa moito tempo, dicía que o verdadeiro xornalismo, o de contar historias, era como un virus, e tanto ela coma min estabamos infectadas. Penso que tiña razón. Era o que falabamos antes: Todas as profesións deberían ter entre os seus obxectivos mellorar a sociedade, pero no caso do xornalismo, non atopo ningún outro fin.